

# Enquisa: Teatro e Cine no Val

Nos últimos anos o noso Val, tanto nos concellos de Alfoz como do Valadouro, estase a converter nun *Little Hollywood*, como lle gusta chamalo a José Díaz, un dos colaboradores de "El Progreso". A afección polo teatro xa vén dende antigo, cando hai preto de cincuenta anos houbera grupos afeccionados que fixeran triunfar a arte dramática, aínda que só fora nunhas breves representacións (non debemos esquecer o traballo dun grupo de teatro de San Pedro de Mor, dirixido por Esandino Lorigados naquela época). Tamén está na nosa memoria as funcións organizadas por "Amado Lar" hai agora 25 anos na praza de Santa María de Ferreira. Nos últimos anos o grupo teatral "Raiolas", de Alfoz, vén a ser o continuador da arte dramática no noso Val (no 2011 "Raiolas" cumprirá 10 anos de existencia). E ultimamente apareceron cineastas nas nosas terras que están facendo que o mundo do celuloide semella ir desprazando (non está claro que o consiga) ó teatro; incluso no noso Instituto vimos de gañar o curso pasado o Concurso "Ouff Escola" de cine en Ourense coa nosa primeira película, "Malos tempos". Por iso escollemos este tema, o tema de comparar o cine e o teatro nas preferencias dos habitantes do noso Val, porque aínda que cine e teatro son dúas formas de exercer a interpretación, ambas artes teñen importantes diferenzas. Queremos saber cal dos dous é preferido pola xente e que tipo de teatro ou cine é o que máis gusta. Os participantes nesta enquisa non constitúen unha cifra moi fiable, pois foron moi poucos, pero poden darnos unha idea das opinións na nosa bisbarra: participaron un total de 63 persoas, das cales 31 son varóns (24 de menos de 18 anos e 7 de máis de 18 anos) e 32 son mulleres (19 de menos de 18 anos e 13 de máis de 18 anos). Aí vos van os resultados. Logo cada un pode opinar o que queira.

## 1. Se tiveras que escoller para pasar o tempo entre o cine e o teatro, que escollerías?

A: O cine.

B: O teatro.

C: Éme igual.

	Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	62,50	66,67	64,29
B	8,33	11,11	9,52
C	29,17	22,22	26,19

	Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	42,86	53,85	50,00
B	28,57	38,46	35,00
C	28,57	7,69	15,00

Está claro que para pasar o tempo as persoas consultadas prefiren o cine antes có teatro. Esta preferencia é especialmente

clara no caso da xente nova (non esquezamos que o cine é máis moderno có teatro e a xente nova prefere as cousas modernas).

O teatro é preferido polos adultos nunha porcentaxe catro veces maior que no caso dos rapaces.

## 2. Cal das dúas artes che parece que supón un maior esforzo?

A: O cine.

B: O teatro.

C: Os dous igual.

	Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	25,00	42,10	32,56
B	37,50	26,32	32,56
C	37,50	31,58	34,88

	Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	42,86	30,77	35,00
B	42,86	38,46	40,00
C	14,28	30,77	25,00

Os resultados son bastante parellos no caso dos adultos: os adultos sinalan un esforzo semellante entre os que fan cine e os

que fan teatro. No caso dos rapaces hai unha certa diferenza: merece destacarse que os varóns din que ten máis dificultades

o teatro, mentres que as mulleres din que a maior dificultade está no cine; no total as cifras equipáranse totalmente.

## 3. Cal das dúas artes che parece que ten un maior mérito artístico?

A: O cine.

B: O teatro.

C: Os dous igual.

	Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	25,00	47,37	34,88
B	41,67	47,37	44,19
C	33,33	5,26	20,93

	Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	14,28	7,69	10,00
B	42,86	69,23	60,00
C	42,86	23,08	30,00

En todos os casos o maior mérito artístico atribúese ó teatro, agás no caso das

rapazas. Nos demais casos a superioridade do teatro sobre o cine no aspecto artístico

semella ser abraiante, sendo especialmente destacada no caso das mulleres adultas.

## 4. Cando asistes a unha comedia (de rir), en cal disfrutas máis?

A: No cine.

B: No teatro.

C: Nos dous igual.

	Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	33,33	36,84	34,88
B	37,50	42,11	39,54
C	29,17	21,05	25,58

	Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	42,86	38,46	40,00
B	42,86	38,46	40,00
C	14,28	23,08	20,00

Os resultados son equivalentes: non hai diferenzas entre o teatro e o cine á hora de

facer rir. A única diferenza obsérvase entre a xente nova, a favor do teatro, pero as ci-

fras obtidas non permiten establecer vantaxes significativas.

## 5. Cando asistes a un drama (unha historia triste), en cal disfrutas máis?

A: No cine.

B: No teatro.

C: Nos dous igual.

	Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	79,16	73,68	76,75
B	4,17	15,79	9,30
C	16,67	10,53	13,95

	Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	57,14	38,46	45,00
B	28,57	46,15	40,00
C	14,29	15,39	15,00

Se falamos de historias tristes semella claro que o cine é o mellor no caso dos ra-

paces novos; a xente adulta xa non o ten tan claro, pois os homes pensan igual que

os rapaces novos (o cine é mellor para os dramas), mentres que as mulleres decán-

tanse (aínda que sexa por breve marxe) polo teatro para facer chorar. En xeral, de todos modos, o cine é mellor para o drama.

**6. Cal das dúas modalidades artísticas che parece que chega máis ó público?**

A: O cine.

B: O teatro.

C: Os dous igual.

	Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	66,67	57,90	62,79
B	8,33	36,84	20,93
C	25,00	5,26	16,28

	Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
	28,57	61,54	50,00
	71,43	30,77	45,00
	0	7,69	5,00

Neste caso gaña o cine; os resultados venñen a dicir que o cine chega máis ó público có teatro. Porén, hai que matizar un pouco, pois isto é así en case todos os subgrupos, agás no caso dos homes adultos, que opinan claramente que a modalidade artística que chega máis ó público é o teatro, e, ademais cunha diferenza entre ambos bastante significativa.

**7. Cal das dúas modalidades artísticas che parece que se asemella máis á vida real?**

A: O cine.

B: O teatro.

C: Os dous igual.

	Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	25,00	22,22	23,81
B	58,33	61,11	59,52
C	16,67	16,67	16,67

	Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
	57,14	30,77	40,00
	42,86	61,54	55,00
	0	7,69	5,00

É o teatro a modalidade artística que máis se parece á vida real, apreciación que é especialmente clara no caso da xente nova, pero tamén aquí hai unha excepción á regra, que é o caso dos homes adultos, que elixen neste caso o cine.

**8. Se te decides a actuar algunha vez, en cal das dúas modalidades che gustaría facelo?**

A: No cine.

B: No teatro.

C: Éme igual.

	Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	58,33	42,11	51,17
B	12,50	5,26	9,30
C	29,17	52,63	39,53

	Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
	57,14	46,15	50,00
	28,57	46,15	40,00
	14,29	7,70	10,00

A inmensa maioría decántase polo cine fronte ó teatro, en caso de ter que actuar algunha vez. Isto é especialmente claro no caso dos rapaces novos, entre os que quintuplican os que prefiren actuar no cine ós que prefiren actuar no teatro. Entre os adultos as mulleres non o teñen moi claro, pero os homes son claramente partidarios tamén do cine.

**9. Das obras de teatro que representamos no Instituto que viches ti, cal che gustou máis?**

A: "Televaladouro. Programa piloto".

D: "Gigoló, gigoló".

B: "Estación de tren".

E: Outros.

C: "O romance de Lancelot".

	Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	83,34	77,78	80,96
B	8,33	0	5,76
C	8,33	0	4,76
D	0	11,11	4,76
E	0	11,11	4,76

	Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
	0	50,00	33,33
	0	0	0
	100,00	50,00	66,67
	0	0	0
	0	0	0

Chámanos a atención que as persoas consultadas citen títulos que nunca se representaron no noso Instituto, como é o caso de "Estación de tren" ou "O romance de Lancelot". Tal vez se trabuquen coas obras representadas nos centros de Primaria. Entre a xente nova está claro que a obra que representamos no Festival de Fin de Curso do xuño pasado, titulada "Televaladouro. Programa piloto", é a preferida (tal vez os rapaces aínda non viran ningunha outra). Entre os adultos a obra máis votada é "El romance de Lancelot", unha obra que nunca fixemos no noso Instituto, sendo tamén a segunda a do ano pasado.

**10. Das pelis que fixemos no Instituto, se as viches, cal che gustou máis?**

A: "Lume na alma".

B: "Malos tempos".

	Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	31,25	41,67	35,71
B	68,75	58,33	64,29

	Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
	100,00	25,00	40,00
	0	75,00	60,00

Dende logo, das dúas películas que levamos feito até agora no Instituto, a que máis coñece a xente é a de *Malos tempos*, aínda que no caso dos homes adultos a votación se decante claramente por *Lume na alma* (neste caso, pola escaseza de participantes o resultado non resulta moi fiable). Debe ser que ó ser *Malos tempos* a película coa que gañamos no Ourencine, é máis coñecida. Fáltanos rematar de gravar a película que preparamos agora, *Volveremos*, para ver a acollida que ten.

**11. Das obras de teatro que viches en Alfoz ou no Valadouro (de calquera grupo teatral), cal che gustou máis?**

A: "Un mal día".

E: "A pousadeira".

B: "A lotaría".

F: "O romance de Lancelot".

C: "A pedreira".

G: "RIP Marandaina".

D: "Televaladouro. Programa piloto".

	Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	21,43	28,57	25,00
B	35,71	42,86	39,29

	Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
	0	0	0
	0	25,00	20,00

C	14,29	0	7,14
D	14,29	0	7,14
E	7,14	21,43	14,29
F	7,14	0	3,57
G	0	7,14	3,57

0	0	0
0	0	0
0	25,00	20,00
100,00	25,00	40,00
0	25,00	20,00

Insistimos de novo en que o número de adultos que participaron na enquisa é moi baixo e por iso os resultados neste caso son pouco significativos. Polo demais, po-

demo dicir que a obra de teatro que máis gustou no noso Val entre os rapaces foi a de "A lotaría", que representou o grupo teatral *Raiolas* o pasado mes de Setembro,

seguida de *Un mal día* e de *A pousadeira*, ambas tamén do grupo *Raiolas*. Entre os adultos a obra máis votada é *O romance de Lancelot*.

### 12. Das películas feitas até agora no noso Val que ti viras, cal che gustou máis?

A: "Malos tempos".  
B: "Lume na alma".

C: "A carta".  
D: "A encrucillada".

Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)
A	90,91	71,42
B	9,09	14,29
C	0	14,29
D	0	0
TOTAL (%)	83,33	11,11

Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)
A	33,33	50,00
B	0	25,00
C	0	0
D	66,67	25,00
TOTAL (%)	42,86	14,28

Debemos aclarar, para comezar, que no enunciado da pregunta non se suxeriron títulos de películas; foron as mesmas persoas que participaron na enquisa as que os suxeriron. Polos resultados é evidente que a película máis popular entre as rodadas no

noso Val é a titulada *Malos tempos*, na que se lembraban os difíciles tempos da Guerra Civil Española e a posguerra. Esta preferencia é especialmente destacada no caso da xente nova, entre a cal é abraiante a súa superioridade. No caso da xente adulta rei-

teramos que os resultados non son demasiado fiables, posto que os participantes na enquisa foron moi poucos, pero entre eles (especialmente entre os homes) tamén destaca a película *A encrucillada*, estreada no pasado mes de Decembro de 2009.

### 13. Cita o mellor actor e a mellor actriz de teatro do noso Val que ti coñezas.

A: Antonio Jesús Lorenzo "Cachín".  
B: Chus Rábade.  
C: Susi Paz.  
D: Paz Quiroga.  
E: Sabela Quirós.

F: Ángel Vizoso.  
G: Javier Pernas.  
H: Pepe Peinó.  
I: Manuel Lourenzo.  
J: Luís Miguel Yáñez.

K: Iria Barro.  
L: Vanesa Otero.  
M: Eva María Campos.  
N: Lucía García.

Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)
A	41,66	31,04
B	4,17	0
C	8,33	6,90
D	12,50	10,34
E	4,17	0
F	4,17	0
G	8,33	0
H	12,50	20,69
I	4,17	0
J	0	10,34
K	0	3,45
L	0	13,79
M	0	3,45
N	0	0
TOTAL (%)	35,85	1,89

Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)
A	50,00	46,66
B	0	0
C	0	0
D	0	0
E	0	0
F	0	0
G	0	0
H	50,00	13,33
I	0	0
J	0	20,00
K	0	6,67
L	0	6,67
M	0	0
N	0	6,67
TOTAL (%)	47,37	21,05

Tampouco no caso desta pregunta se lles presentaron ós participantes na enquisa os nomes dos actores e actrices, senón que foron eles os que os foron citando.

Non hai discusión sobre quen é o actor preferido por todas as persoas consultadas.

O mellor actor de teatro do noso Val, segundo os resultados, é o gran Cachín, que tantos ratos divertidos nos leva facendo pasar durante os últimos anos. Entre as actrices, destacan Vanesa Otero e Paz Quiroga. Entre a xente nova obteñen máis votos

aqueles actores que son profesores ou alumnos no noso Instituto, mentres que entre os adultos xa se teñen máis en conta os talentos interpretativos de persoas alleas ó noso Instituto. Inflúe moito neste caso, claro está, o feito de coñecer ás persoas.

### 14. Cita o mellor actor e a mellor actriz de cine do noso Val que ti coñezas.

A: Ángel Vizoso.  
B: Paz Quiroga.  
C: Sabela Quirós.  
D: Antonio Jesús Lorenzo "Cachín".  
E: María Quirós.

F: Christian Pérez.  
G: Eva María Campos.  
H: Pepe Peinó.  
I: Susi Paz.  
J: Javier Pernas.

K: Manuel Lourenzo.  
L: Jorge Olivera.  
M: Leni Níñez.

Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)
A	13,04	9,52
B	21,74	19,05
C	4,35	0
D	21,73	19,05
E	4,35	0
F	4,35	0
G	4,35	14,29
TOTAL (%)	11,36	20,46

Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)
A	0	0
B	0	0
C	0	0
D	100,00	75,00
E	0	0
F	0	0
G	0	0
TOTAL (%)	83,34	0

H	13,04	19,05	15,92
I	4,35	9,52	6,82
J	4,35	0	2,27
K	4,35	0	2,27
L	0	4,76	2,27
M	0	4,76	2,27

	0	12,50	8,33
	0	0	0
	0	0	0
	0	12,50	8,33
	0	0	0
	0	0	0

De novo é Cachín o actor preferido entre as persoas participantes no mundo do cine, destacando, especialmente, entre a xente

adulta. Como actriz cinematográfica máis admirada está a profesora de Plástica, Paz Quiroga. Podemos destacar tamén os votos

obtidos polo profesor de Sociais Pepe Peinó e polo ex alumno do noso Instituto Ángel Vizoso.

**15. Qué xénero che gusta máis no teatro?**

A: A comedia.  
B: O drama.  
C: A traxicomedia.

D: As historias románticas.  
E: Tanto me dá.

Rapaces			
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	76,91	52,63	66,68
B	3,85	5,26	4,44
C	3,85	26,32	13,33
D	11,54	10,53	11,11
E	3,85	5,26	4,44

Adultos			
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
	62,50	61,55	61,91
	12,50	0	4,76
	25,00	15,38	19,05
	0	15,38	9,52
	0	7,69	4,76

Todos, rapaces e adultos, homes e mulleres, prefiren a comedia; a todos lles gusta máis rir, especialmente no caso dos ra-

paces varóns. Do resto dos xéneros teatrais presentados, o que máis votos obtén é a traxicomedia que, despois de todo, tamén

ten algo de cómico. Témolos claro, por tanto: o que o público demanda no teatro é risas.

**16. Que xénero che gusta máis no cine?**

A: A comedia.  
B: O drama.  
C: A traxicomedia.

D: As historias románticas.  
E: Tanto me dá.

Rapaces			
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	40,74	31,58	36,95
B	18,52	0	10,87
C	0	10,53	4,35
D	22,22	47,36	32,61
E	18,52	10,53	15,22

Adultos			
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
	57,14	42,86	47,63
	28,57	0	9,52
	0	0	0
	14,29	42,86	33,33
	0	14,28	9,52

Aínda que o xénero preferido segue a ser a comedia, as historias románticas tamén obtiefen unha boa porcentaxe de votos no mundo do cine. Pódese dicir que entre a

xente nova o romanticismo e a comedia son igualmente preferidos nas películas. E outro tanto ocorre entre a xente adulta, se ben cunha maior diferenza a favor da co-

media. O resto dos xéneros quédanse a bastante distancia destes dous. Rir e emocionarse semellan ser, polo tanto, as dúas preferencias máis importantes no cine.

**17. Gustaríache ser actor de teatro e vivir diso?**

A: Si. B: Non.

C: Non sei.

Rapaces			
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	31,82	21,05	26,83
B	50,00	47,37	48,78
C	18,18	31,58	24,39

Adultos			
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
	50,00	8,33	22,22
	33,33	66,67	55,56
	16,67	25,00	22,22

En principio chama a atención que a maioría dos consultados prefiren non gañarse a vida sendo actores de teatro (moita xente di que para iso hai que valer). Pero

logo, se analizamos un pouco as respostas a esta pregunta, vemos que a cuarta parte dos participantes na enquisa, tanto na xente nova como nos adultos, declaran que

lles gustaría gañarse a vida como actores, o cal non semella ser unha cifra desprezable. O subgrupo que menos semella tender ó oficio dramático é o das mulleres adultas.

**18. Gustaríache ser actor de cine e vivir diso?**

A: Si. B: Non.

C: Non sei.

Rapaces			
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	63,64	57,89	60,98
B	18,18	15,79	17,07
C	18,18	26,32	21,95

Adultos			
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
	50,00	25,00	31,25
	50,00	66,67	62,50
	0	8,33	6,25

No caso dos adultos a situación non parece diferir moito do teatro, sobre o que se consultaba na pregunta anterior: a maioría dos adultos non quere vivir do cine, aínda

que a porcentaxe subiu algo respecto á do teatro. No caso da xente nova a cousa cambia bastante, pois a maioría si declara aspirar a ser actores de cine e vivir diso

(máis do 60 % en conxunto), sendo esta tendencia especialmente clara no caso dos varóns. As mulleres adultas seguen sendo as menos partidarias de ser actrices.

**19. A que nivel situarías o teatro que se fai no noso instituto?**

A: Excelente. B: Bo. C: Normal. D: Mediocre. E: Malo.

Rapaces			
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	9,52	29,41	18,42

Adultos			
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
	25,00	0	6,67

B	42,86	41,18	42,11
C	33,33	29,41	31,58
D	14,29	0	7,89
E	0	0	0

25,00	63,64	53,33
25,00	27,27	26,67
0	0	0
25,00	9,09	13,33

A tendencia maioritaria xeral é a considerar o teatro do noso instituto como *bo*, aínda que estaría ben facer algunhas precisións. En primeiro lugar, o subgrupo que máis valora o teatro do noso instituto é o

das rapazas novas, das que case o 30 % declara que o noso teatro lles parece excelente. En segundo lugar, vemos que ás mulleres adultas non lles parece que o teatro do noso instituto sexa excelente (ningunha

delas elixe esta opción), pero un 63 % delas declara que é un teatro *bo*. Boa valoración, por tanto, do teatro que facemos, sobre todo entre as mulleres.

### 20. A que nivel situarías o teatro en xeral no noso Val?

A: Excelente.  
B: Bo.

C: Normal.  
D: Mediocre.

E: Malo.

	Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	17,39	33,33	24,39
B	39,13	44,45	41,46
C	34,78	22,22	29,27
D	4,35	0	2,44
E	4,35	0	2,44

	Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	25,00	8,33	12,50
B	0	75,00	56,25
C	50,00	16,67	25,00
D	0	0	0
E	25,00	0	6,25

Non hai moitas diferenzas respecto ós resultados da pregunta anterior. Predomina a

consideración de que o nivel do teatro no noso Val é *bo* e son as mulleres, tanto

adultas como novas, as que máis o valoran positivamente.

### 21. A que nivel situarías o cine que se fai no noso instituto?

A: Excelente.  
B: Bo.

C: Normal.  
D: Mediocre.

E: Malo.

	Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	22,73	42,10	31,71
B	50,00	26,32	39,02
C	27,27	31,58	29,27
D	0	0	0
E	0	0	0

	Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	0	8,33	6,25
B	25,00	66,67	56,25
C	50,00	16,67	25,00
D	0	0	0
E	25,00	8,33	12,50

A primeira observación que nos vén á mente ó observar as respostas a esta pregunta é que a xente nova valora máis o ci-

ne có teatro que facemos no instituto, mentres que a xente adulta valora ambas cousas dun xeito familiar: o 70 % dos rapa-

ces cre que o cine do noso instituto é *bo* ou *excelente*, mentres que o 60 % dos adultos o valoran deste xeito: o noso cine é *bo*.

### 22. A que nivel situarías o cine en xeral no noso Val?

A: Excelente.  
B: Bo.

C: Normal.  
D: Mediocre.

E: Malo.

	Rapaces		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	13,64	27,78	20,00
B	40,90	50,00	45,00
C	31,82	22,22	27,50
D	9,09	0	5,00
E	4,55	0	2,50

	Adultos		
	Homes (%)	Mulleres (%)	TOTAL (%)
A	25,00	0	6,67
B	0	81,82	60,00
C	50,00	18,18	26,66
D	0	0	0
E	25,00	0	6,67

Tampouco hai diferenzas apreciables entre os resultados desta pregunta e os da

pregunta anterior. Se acaso, que os rapaces novos valoran algo menos o cine no

noso Val e algo máis no noso instituto, mentres que nos adultos é ó revés.

## CONCLUSIÓNS

Para pasar o tempo libre a xente prefere o cine fronte ó teatro, sobre todo no caso da xente nova, aínda que recoñecen que o teatro ten moito máis mérito artístico có cine. Para divertirse, para rir, tanto dá o cine como o teatro, pero para as historias tristes é mellor o cine; isto opínano especialmente os rapaces. Todos opinan que o cine chega máis ó público, agás os homes adultos, que opinan o contrario. O que se parece máis á vida real é o teatro. Se as persoas consultadas tiveran que actuar algunha vez, preferirían facelo no cine antes que no teatro.

Ó mostrar as súas preferencias polas obras representadas no noso instituto, os rapaces mostran predilección pola do curso pasado (*Televadouro. Programa piloto*), mentres que os adultos se decantan por *O romance de Lancelot*, aínda que, para ser sinceros, esta obra nunca se representou no noso instituto. Entre as obras de teatro representadas no noso Val, os rapaces escollen como as súas preferidas *A lotaría* e *Un mal día*, ambas do grupo teatral Raiolas, mentres que os adultos volven escoller *O romance de Lancelot*. Se temos que escoller películas, a de *Malos tempos* lévase a palma, pois é a escollida entre as dúas que rodamos no noso instituto, e tamén fóra do instituto é a preferida con moita diferenza entre os rapaces, mentres que os adultos escollen tamén *Malos tempos* e *A encrucillada*.

Se nos fixamos nos actores que dá o noso Val, observamos que nos resultados que o máis valorado é, indiscutiblemente, Cachín, obtendo tamén Pepe Peinó bastantes votos; en canto ás actrices, as preferidas son Paz Quiroga e Vanesa Otero.

Á hora de escoller o xénero de teatro preferido, a comedia impoñe con abraiante superioridade sobre os demais xéneros. No caso do cine a comedia tamén é moi votada, pero atópase empatada coas historias románticas nas preferencias das persoas consultadas.

Ás persoas consultadas non lles gustaría gañarse a vida como actores de teatro, agás ós homes adultos, ós que si lles gustaría. Por outra banda, á pregunta de se lles gustaría gañarse a vida como actores de cine, os rapaces responden afirmativamente e os adultos negativamente.

Finalmente, á cuestión final do nivel de calidade do teatro e do cine que se fan no noso Val, as persoas consultadas na nosa enquisa opinan maioritariamente que ambas modalidades artísticas teñen un bo nivel.